

Segundo, el deán

Sería injusto olvidar que entre las personas que más han trabajado, infatigablemente y en silencio, para lograr que la catedral de Santiago haya sido objeto por fin de la magna rehabilitación que aguardaba desde los tiempos de López Ferreiro, el «redescubridor» de la tumba del Apóstol (y también, por cierto, y disculpen que todo el tiempo nos salgan ramas, gran restaurador y defensor del monasterio de Caa-veiro), está el deán de la basílica compostelana, Segundo Leonardo Pérez López. Un teólogo e historiador de prestigio en toda Europa que cuando era un joven sacerdote recién llegado de la Universidad Pontificia llevó a cabo una intensa labor en Ferrol, fundamentalmente en dos campos: el de la atención a los desfavorecidos, a través de Cáritas, y el de la cultura. Él fue el primer director de Estudios Mindonienses, publicación diocesana que hoy dirige Ramón Otero y que mantiene intercambios permanentes con instituciones de todo el mundo. ¡Cuánto lo habrá alegrado estos días ver restaurado el Pórtico, cuya rehabilitación, que lo ha hecho resplandecer de nuevo, culminó, simbólicamente, en un acto al que asistió la reina Sofía! Pero se preguntarán ustedes por qué les hablo de todo esto, que en buena medida sabrían ya. Pues miren: porque me estaba acordando también de lo mucho que trabajó el deán, cuando era aquel joven cura del que les hablaba antes, en el barrio de Caranza, donde tantos amigos tiene, y en el antiguo colegio Los Hexágonos. Siempre le gustó estar cerca de la gente. Como sigue haciendo hoy no solo en Compostela, y en todos los Caminos de Santiago, sino cada vez que vuelve a su parroquia natal, San Pedro do Buriz, en la Terra Chá.

FORMACIÓN MUSICAL Curso avanzado de especialización orquestal de la EAEM

La Escola de Altos Estudos Musicais (EAEM) ha convocado, a través del Consorcio de Santiago, pruebas para la admisión y selección de alumnos para el curso avanzado de especialización orquestal. Quedan por cubrir cuatro plazas de violín y una de contrabajo. El curso, de 1.500 horas, es un título propio de posgrado de la USC.

ROSA ÁLVAREZ PRADA DECANA DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA

«Sen máis psicólogos nos servizos públicos aumentará a medicación»

Insistirá «para que as administracións sanitaria, educativa, local e a Xustiza garantan unha boa atención psicolóxica»

JOEL GÓMEZ

SANTIAGO / LA VOZ

Rosa Álvarez, decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) desde o 2006, inicia outro mandato de catro anos máis. Esta semana presidiu a primeira xunta de goberno da entidade, tras tomar posesión en xuño. Ao falar de obxectivos afirma que «insistiremos para que as administracións sanitaria, educativa, local e a Xustiza garantan unha boa atención psicolóxica. Reivindicamos hai moitos anos unha maior incorporación á rede pública e hai moitos avances por conseguir. Aí está un recente relatorio do Defensor del Pueblo, que indica que no noso sistema de saúde hai 4,3 especialistas en psicoloxía por cada 100.000 habitantes, o que supón catro veces menos que na UE», manifesta.

—**¿Como pensan convencer ás Administracións?**
—Sen máis psicólogos nos servizos públicos aumentará a medicación, teremos unha poboación máis dependente dos fármacos. Que non se ofrezca asistencia psicolóxica non é un síntoma de atraso, senón de inxustiza social.

—**¿E pensan que a sociedade nota esa necesidade?**
—A sociedade demanda cada vez máis especialistas de psicoloxía en practicamente todos os campos, por iso temos que conseguir a presenza que nos corresponde socialmente, porque hai profesionais con formación para responder a esa demanda.



Rosa Álvarez exerce como psicóloga en Santiago desde hai máis de tres décadas. PACO RODRÍGUEZ

«Que non se ofrezca asistencia psicolóxica non é un síntoma de atraso, senón de inxustiza social»

—**¿Onde se demandan?**

—É clara a necesidade nos centros de ensino de primaria e secundaria. Recibimos moitas chamadas de docentes, asociacións de nais e pais, ou do propio alumnado, para traballar con poboación escolar en casos de acoso, violencia, trastornos de déficit de atención e hiperactividade ben ou mal diagnosticados, situacións de fracaso, anorexia, adiccións ao xogo ou a Internet, adolescentes cos que as familias din que non poden na casa, necesidade de apoio pola morte de alguén na comunidade educativa, e outras situacións. Chaman ao COPG por precisaren axuda.

—**Hai orientadores e orientadoras.**

—Hai, é certo, e ben que se precisen; porén, un orientador non ten por que ser un psicólogo, pode ser un docente ou un pedagogo, e teñen unha función diferente. Hoxe, a solución a moitos deses problemas de que falaba é que as persoas que o precisan vaián a unha consulta de saúde mental, o que supón demoras polas listas de espera que hai no sistema de saúde. E non sempre esa é a mellor solución.

—**¿Cal é, pois, a solución?**

—Que haxa, por exemplo, especialistas de psicoloxía nos centros de atención primaria de saúde, que é outra demanda histórica. Estamos a ver o que acontece en Tui, tras a recente catástrofe pirotécnica: hai persoas que demandan atención psicolóxica e non se lles está a dar. Nós propuxemos que se ofrecese, como aconteceu no caso da catástrofe de Lorca [Murcia], e non se atendeu por agora o noso pedido.

—**¿Non hai sensibilidade nas Administracións?**

—Non hai a suficiente; reclamamos que se nos teña máis en conta como noutros países da UE. Cando eu fixen prácticas en 1987 en Portugal xa detectei alí servizos psicolóxicos polos que aquí aínda estamos a esperar.

—**¿Como debería mellorar esa sensibilidade?**

—Nos inicios deste século o COPG asinou convenios coa Xunta para atención de vítimas de violencia e menores, ou para asistir a homes que exercen violencia que o demanden voluntariamente. As vítimas da violencia teñen dez sesións gratuítas, que non son suficientes, porque moitas son mulleres medicadas contra a depresión ou que levan sufrindo maltrato 20 anos. Por iso propomos que esas persoas reciban atención psicolóxica en centros de saúde e nos servizos sociais, que se lles garanta esa atención na rede pública.

«A nosa intervención pode mellorar moitos ámbitos»

Rosa Álvarez renovou parte da directiva para esta nova etapa: «Temos ilusión para afrontar novos retos e defender a psicoloxía na sociedade. O COPG, internamente está moi fortalecido, hai moita participación nos colectivos de recursos humanos, saúde, educación, intervención, tráfico, xénero, ou no de emerxencias e catástrofes», afirma.

—**¿Contemplan prioridades?**
—Nesta etapa queremos traballar máis cos concellos, coa Fegamp e coas deputacións provinciais, pois a dotación de profesio-

nais de psicoloxía que teñen é moi dispar.

—**¿Que lles poden ofrecer?**

—Queremos que se convenzan, como institucións máis próximas á cidadanía, do beneficio social e económico que supón ter especialistas en psicoloxía para facer prevención e intervir en moitos ámbitos, para que melloren.

—**¿Que ámbitos?**

—A psicoloxía ten un espazo para casos de emerxencia, como o recente de Tui; ou no envellecemento, dependencia, menores, migración, centros sociais e de

ensino, ou para a coordinación con atención primaria de saúde e con outros servizos públicos.

—**¿É esa a principal prioridade?**

—Tamén pretendemos avanzar na Xustiza. Hai uns anos, por un convenio, comezamos en Santiago e en Ourense un servizo de mediación, que agora se ofrece nas sete principais cidades galegas. Porén, hai concellos e partidos xudiciais onde aínda non chega, cando é evidente que é positiva, pois axiliza os procesos e, emocionalmente, é moi diferente para a maioría das per-

soas pasar por un proceso xudicial ou de mediación. Por iso propomos que se deixe de prestar por convenio e que esa mediación psicolóxica sexa iniciativa da Administración.

—**¿Teñen máis preocupacións?**

—Demandamos máis apoio contra o intrusismo. Na formación universitaria son precisos máis másteres, porque non toda a saída laboral é sanitaria. Ou que se garanta un itinerario profesional grao-máster-PIR [psicólogo interno residente], que a día de hoxe aínda non se conseguiu.